



Á ATENCIÓN DAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO DE SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA DESTE CENTRO.

De acordo co establecido na Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 21 de outubro de 2022 (DOG Nº 212 do 8 de novembro de 2022), pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de deducación infantil, de educación primaria de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro (código do procedemento ED550A e ED550B), comunícolles o seguinte:

1.- Aos efectos da continuidade de estudos do actual alumnado de sexto curso que promocióne á etapa de ESO, o CEIP Alborada está adscrito ao IES Elviña.

2.- O noso alumnado ten prioridade para matricularse neste instituto sobre alumnado que proceda doutros centros non adscritos.

3.-As familias que desexen matricular no vindeiro curso aos seus fillos/as no IES Elviña deberán presentar no noso Centro ou a través da aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>), **entre o 15 de xaneiro e o 4 de febreiro** os seguintes impresos:

- Modelo de solicitude debidamente cuberto que se achega a este escrito (anexo I da Orde do 21 de outubro de 2022).

- Copia DNI. De todos os membros da unidade familiar.

O alumnado que presente a solicitude no Centro deberá entregalos, debidamente cumprimentados, en administración.

4.- A reserva ten carácter vinculante e será incompatible coa presentación da solicitude noutro centro, salvo renuncia expresa por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión. A presentación de solicitude noutro centro estando vinculado por reserva dará lugar á perda de prioridade.

5.- Se prefiren que os seus fillos/as continúen estudos nun IES distinto ao que está adscrito o noso Centro, non deberán entregar esta reserva e agardarán ao período ordinario (1 ao 20 de marzo) para entregar a súa solicitude (anexo II da Orde do 21 de outubro de 2022) no IES da súa preferencia.

6.- O alumnado deberá formalizar a matrícula no IES entre o 23 de xuño e o 7 de xullo.

A Coruña, 11 de xaneiro de 2024

A Dirección